

RESUMO EXECUTIVO

Software de Código Aberto ou Software Libre como é habitualmente coñecido é “o Software que, unha vez obtido, pode ser empregado, copiado, distribuído, modificado, e estudado libremente”. Aínda que só recentemente se está a falar amplamente deste tipo de programas informáticos, o certo é que a filosofía do Software Libre ten as súas raíces moi profundas xustamente nos inicios do software, cando era habitual a transparencia e a colaboración entre os programadores.

Pero, na actualidade, a meirande parte dos programas informáticos véndense cunha “licenza de uso”, e as empresas que os desenvolven inverten importantes recursos en evitar a súa posible copia ilegal. Estas empresas son moi celosas de descubrir os mecanismos internos nos que están baseados os seus programas. O Software Libre coa súa filosofía, sen dúbida, supón unha innovación, un cambio drástico nesta situación actual pois afecta de xeito importante á cadea de valor, ao modelo de negocio, e ás relacións entre os provedores e os usuarios informáticos. Unha percepción que foi confirmada por este mesmo estudo entre os profesionais e as empresas.

A Comisión Europea é consciente da importancia do Software Libre para o desenvolvemento da Sociedade da Información, e xa no ano 2002 incluíu dentro dos indicadores *eEurope 2005* o seguimento continuado da situación do “Software de Código Aberto” dentro do ámbito das Administracións Públicas.

O uso de Software Libre implica numerosas vantaxes. Moitas delas derivan da posibilidade de acceso ao código fonte (reutilización e adaptación de módulos xa desenvolvidos) e outras do espírito cooperativo que leva implícito. As vantaxes máis importantes son a redución do custo dos programas (coa súa incidencia directa sobre a competitividade); a independencia do usuario respecto ao provedor informático; o desenvolvemento da industria informática local; a maior personalización e adaptación dos programas ao usuario e moi concretamente ao idioma; a maior seguridade e calidade dos programas (fundamentalmente pola transparencia e a súa exposición pública e por ter que seguir procedementos de calidade establecidos publicamente); as maiores posibilidades de intercambio de información (formatos abertos entre programas); e facilitar o cumprimento da legalidade.

O GOBERNO GALEGO e a Consellería de Innovación e Industria, a través do seu acordo de Goberno do pasado mes de xullo de 2005, apostaron decididamente pola dinamización do Software Libre. Neste sentido, unha das liñas de actuación que se está desenvolvendo é o

Observatorio de Software Libre de Galiza, para estudar, diagnosticar a realidade do uso do Software Libre e propoñer liñas de actuación para dinamizar o seu coñecemento e uso.

Este traballo sobre o Software Libre nos centros de ensino medio de Galiza é parte dun traballo máis amplo realizado por este Observatorio que examina outros tres ámbitos: pequenas e medianas empresas de todos os sectores empresariais, empresas do sector informático e concellos. Asemade, este primeiro traballo nos centros de ensino completárase posteriormente con outro realizado cun ano de demora e que permitirá ver a evolución das principais variables de estudo. A consecuencia deste feito considerouse necesario facer unha enquisa telefónica exhaustiva aos centros que mostrase cuantitativamente tanto os diversos aspectos que poden estar afectando ao Software Libre, nun sentido amplo, como aqueles que poden ser específicos da actual situación de Galiza. Ademais da enquisa, o traballo completouse coa obtención de información cualitativa mediante a realización dunha mesa de debate con persoas coñecedoras da problemática informática dos centros de ensino.

A modo de resumo final, dúas ideas principais xorden das actividades levadas a cabo no conxunto do traballo:

- Hai un baixo uso do Software Libre nos centros educativos, un gran descoñecemento del, pero unha grande expectativa e unha predisposición moi favorable a empregalo. O ensino é un dos eidos máis adecuados para o emprego das aplicacións libres polas súas propias relacións de comunidade e intercambio (“comunidade educativa”) e, probablemente onde as melloras obtidas e as garantías de éxito poden ser maiores.
- Actuacións dinamizadoras xeralizadas a prol do Software Libre no eido educativo impactarían nos principais problemas actuais do propio Software Libre no resto dos ámbitos sociais (empresa, sector informático, administracións, sociedade en xeral), así como na falla de información e o descoñecemento, e na falla de persoas con experiencia e uso práctico co Software Libre.

A continuación, e logo da análise de todas as informacións recollidas durante este estudo, preséntanse as principais conclusións:

1. Poucos centros de ensino empregan Software Libre (só o 20% dos centros). Os centros de ensino secundario son os que máis o empregan e os centros públicos integrados os que menos. As aplicacións máis empregadas nos centros son as de uso persoal (ofimática, comunicación e Internet). É sorprendentemente baixo o uso de software educativo e aplicacións de e-learning tanto en Software Libre como incluso en software propietario.

2. Poucos centros de ensino teñen aplicacións informáticas en galego (só un 37% de centros ten algunha). A introdución do Software Libre nos centros educativos (coas súas vantaxes de personalización do idioma), sen dúbida melloraría a posición do galego e así poderíase igualar este resultado tan desequilibrado que non reflicte de ningún modo a realidade lingüística.
3. Entre os centros usuarios do Software Libre hai unha actitude moi favorable a incrementar e manter o uso do Software Libre que convén aproveitar.
4. O emprego do Software Libre nos centros é moi recente o que supón que os centros se atopan nunha etapa inicial, cos conseguíntes problemas de falla de experiencia.
5. Existe unha necesidade grande de información e formación nos centros que non son usuarios de Software Libre, e unha actitude aberta para a súa utilización.
6. Todos os centros teñen un nivel de coñecemento mínimo en aspectos básicos do Software Libre que convén resolver. O descoñecemento do Software Libre é moi grande e en todos os seus aspectos: produtos de Software Libre existentes, provedores de Software Libre dispoñibles, custes asociados á implantación, experiencias doutros centros, etc.
7. Hai unha diferenza moi acusada no nivel de formación do Software Libre fronte ao Software Propietario, tanto nos responsables informáticos, como nos profesores e nos alumnos. A porcentaxe de centros nos que o persoal docente e responsables informáticos recibiron formación en Software Libre é mínimo. Todo elo nunha área cuxo obxectivo é a propia "formación" e onde ademais a informática e as TIC están a aportar melloras indubidables.
8. Os centros contan con poucos recursos informáticos, tanto materiais como humanos e na maioría dos centros non existe persoal especializado en informática, o que fai que o soporte e mantemento dos equipos sexa unha tarefa moi complicada. Soamente nun de cada tres centros o responsable de informática cursou estudos regrados dentro do eido da informática. Os centros están illados uns dos outros e reclaman unhas directrices mínimas aos organismos superiores para os temas informáticos. Existe unha necesidade grande de soporte e apoio informático externo e estable, sobre todo para os centros de menor tamaño.
9. Nas programacións dos Centros con Ciclos Formativos de Informática hai unha clara desvantaxe do Software Libre fronte ao resto de software. Os Centros con Ciclos Formativos non informáticos practicamente non inclúen o Software Libre nas súas programacións. Unha importante maioría de Centros Públicos con Ciclos de Informática cren que os alumnos se beneficiarían coa formación en Software Libre. Existe unha actitude favorable á incorporación do Software Libre nas programacións docentes, e a

maior parte dos centros que non imparten contidos relacionados co Software Libre pensan facelo proximamente.

Dos datos recolleitos do estudo, así como das mesas de traballo levadas a cabo con empresas do sector, dedúcense as seguintes recomendacións:

1. Instar a que todas as Administracións Públicas utilicen e dinamicen o Software Libre nas súas áreas de actuación, especialmente na Educación. Promover a inclusión e ampliación do Software Libre no currículo e plans de formación dos técnicos informáticos, e promover o uso das aplicacións Software Libre no resto de ámbitos educativos. Dar exemplo nas propias Consellerías: no uso do Software Libre; nas contratacións informáticas; valorar o Software Libre nas axudas, oposicións, etc.; empregar os formatos libres nos servizos da e-Administración, etc.
2. Promocionar decididamente o Software Libre tanto a nivel individual (profesorado) como a nivel de centro (secretaría e dirección): sensibilización, información, formación, entrega de aplicacións, soporte, etc.
3. Promocionar decididamente o emprego de aplicacións educativas, de e-learning, colaborativas, de contidos web, etc. para os centros e para uso de profesores e alumnos. Promocionar as aplicacións de Software Libre de tipo xeral: ofimática, Internet e comunicacións, etc. Promover a incorporación das aplicacións en galego.
4. Habilitar un centro de soporte informático e en Software Libre para os centros educativos.
5. Promover a creación de grupos de traballo intercentros nos campos educativos que exploten as aplicacións colaborativas, de traballo en grupo, e de creación de contidos. Aproveitar a experiencia de aqueles centros máis experimentados. Dar exemplo coa práctica das novas ferramentas de xestión do coñecemento. Promover accións tanto propias como doutros axentes (asociacións de usuarios, asociacións empresariais etc.). Promover o achegamento a centros de outras Comunidades Autónomas máis avanzadas e interesadas no uso do Software Libre.
6. Diseñar e executar proxectos integrais de implantación de Software Libre: información, formación, implantacións, administración, organización e soporte. Crear unha rede de contactos e coñecemento para espallar as solucións contrastadas e as mellores experiencias prácticas. Divulgar experiencias de éxito, utilizando o efecto demostrativo doutros centros que xa empregan Software Libre. Crear e divulgar un repositorio centralizado e aberto de recursos e aplicacións de Software Libre, tanto de uso persoal como educativo.

7. Acometer accións de formación xeralizada entre o profesorado con ferramentas de Software Libre apoiados coa entrega de software.
8. Elaborar programas formativos específicos en Software Libre para a comunidade escolar (profesores, alumnos, PAS, e pais).
9. Realizar un seguimento continuado da situación do Software Libre nos principais ámbitos (PEMES, PEMES informáticas, educación, e Administracións Públicas) a fin de avaliar a situación do Software Libre e de axustar as accións dinamizadoras. Realizar o seguimento do Software Libre noutras Comunidades Autónomas e países: nivel de implantación, solucións utilizadas e desenvolvidas, accións de dinamización, etc.

A información pormenorizada sobre os resultados do estudo pódese obter na páxina <http://www.mancomun.org>, onde, ademais, existe información sobre outros estudos relacionados coa implantación do Software Libre en diferentes eidos.